



Sinsal SON Estrella Galicia amplía a programación da súa vixésima edición coa celebración dun concerto secreto o 25 de xullo nos estaleiros Cardama de Vigo

O festival, que se celebrará os días 22, 23 e 24 de xullo na Illa de San Simón, festexa neste 2022 vinte anos de difusión das creacións máis estimulantes e vangardistas

A cita terá lugar o luns 25, ás 21.00 horas, e as entradas xa están á venda desde hoxe mesmo a través da plataforma www.enterticket.es



Concerto de Los Hermanos Cubero no Sinsal Litoral 2020 © Olalla Lojo

8 de xullo de 2022.- O festival Sinsal SON Estrella Galicia, que conta con todos os abonos e entradas de día esgotadas para este 2022, anuncia novidades de cara á celebración do seu vixésimo aniversario. O evento, promovido por Sinsalaudio, e que se celebrará os días 22, 23 e 24 de xullo na illa de San Simón, **amplía a súa programación unha xornada** para ofrecer un concerto extra e, por suposto, secreto, [nos estaleiros Cardama de Vigo](#).

O **luns 25 de xullo**, festivo en Galicia, o recinto industrial situado nos terreos portuarios -e que foi unha das sedes do Sinsal Litoral 2020- acollerá a partir das 21.00 horas a **actuación secreta dunha banda europea que non estará en San Simón**, nun sorprendente directo no que conflúen diversas tradicións coa electrónica, e que o público unicamente descubrirá ao acceder ao escenario do estaleiro vigués Cardama Shipyard. A dirección de Sinsal recupera así unha das localizacións máis singulares do festival, todo un símbolo na cidade olívica, o que permite por en relación non só o patrimonio cultural co industrial; senón salientar o valor do sector dos estaleiros e do seu persoal traballador para á economía local.

As entradas para esta bóla extra en Vigo do Sinsal SON Estrella Galicia 2022, cuxo directo coincidirá co solpor, saen hoxe mesmo á venda a través da plataforma www.enterticket.es. O prezo dos billetes será de 10 euros agás no caso das e dos menores de 16 anos, en cuxo caso a entrada terá un prezo de 5 euros.

Programación paralela

O festival Sinsal SON Estrella Galicia celebra este 2022 o seu viséximo aniversario. Os días 22, 23 e 24 de xullo programará na illa de San Simón, en na ría de Vigo, tres **xornadas de directos con propostas musicais contemporáneas e diversas en canto a estilo e orixe das bandas e artistas**. Acompañando a súa programación nos escenarios Buxos e SON Estrella Galicia, o festival celebrará, de forma paralela, unha serie de actividades, das que a dirección xa deu a coñecer tres: **microconcertos acústicos** e para público reducido na illa de San Antón ('San Antón Acústico'), rutas arredor da illa en **pedal surf** para todas as idades e **obradoiros creativos** familiares.

Os **concertos acústicos na illa de San Antón** terán lugar ao longo da xornada tanto do sábado 23 coma do domingo 24, pero serán directos para un número limitado de asistentes. Serán actuacións moi especiais e singulares, con **agrupacións galegas de música clásica** que se incorporan deste xeito ao cartel de Sinsal SON Estrella Galicia, pero que unicamente ofrecerán actuacións neste formato. Desde xeito, Sinsal avanza no seu obxectivo de ofrecer unha **programación cultural inclusiva no marco dun festival que aposta, desde o seu nacemento, por visualizar artistas emerxentes**.

A segunda das propostas que ofrece Sinsal SON Estrella Galicia neste 2022 será gozar, desde a auga, do festival. Ao longo de toda a fin de semana terán lugar **diferentes rutas en pedal surf arredor do perímetro da illa** para coñecer máis de perto o seu patrimonio natural. Trátase dunha **actividade náutica innovadora e 100% sostible**, duns 30 minutos de duración aproximadamente, que se realizará en grupos reducidos, dun máximo de 10 persoas. **A actividade poderase realizar en familia ou grupos e os billetes xa se poden reservar**, anticipadamente, a través da web <https://galping.com/reservas/>.

Outra das iniciativas que se ofertarán na Illa, de xeito paralelo á programación, será o obradoiro LIMBO de fomento da cultura da reciclaxe. O taller, que estará dirixido ao público familiar -especialmente ao máis novo- terá lugar nas tardes do sábado 23 e do domingo 24 (entre as 15.00 e as 19.00 horas, cunha duración máxima dunha hora). Durante o seu desenvolvemento, as e os participantes construírán e deseñarán de forma autónoma distintas escenografías a través da

reutilización de pezas de madeira e outros materiais de refugallo, de forma individual e colectiva. Todos os elementos que se utilizarán, ademais, proceden de carpinterías e negocios locais, que se transformarán de forma manual especificamente para esta proposta.

Nos vindeiros días Sinsalaudio dará a coñecer **novas actividades que se poderán realizar tanto na illa de San Simón coma na de San Antón durante a celebración do festival.**

Sinsal SON Estrella Galicia

Sinsal SON Estrella Galicia é un dos encontros sonoros máis coidados e singulares do panorama musical estatal. Desde os seus inicios, a promotora viguesa Sinsalaudio impulsou un evento cultural para **visualizar as artistas próximas á creación contemporánea** da escena galega e estatal, mais tamén con espazo para bandas do ámbito internacional; artistas que, máis adiante, formaron parte de carteis de grandes festivais e de salas de concertos de todo o mundo.

Ao longo destas dúas décadas, Sinsalaudio xerou un **ecosistema único no panorama de eventos musicais e, desde 2010, celebra o Sinsal SON Estrella Galicia na illa de San Simón**, do que salienta o seu cartel: un programa secreto para as e os asistentes, que confían no criterio de Sinsalaudio para gozar das creacións máis estimulantes e vangardistas. Na súa edición de 2022, na que celebra o seu viséximo aniversario, Sinsal SON Estrella Galicia mantén o seu tradicional cartel secreto. Das bandas participantes este ano, chegadas de diferentes continentes, o 90% actuarán por vez primeira en Galicia.

Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

<http://festival.sins.al/gl/prensa>

festival.sins.al

ORGANIZA

SINSALAUDIO

PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X^{ri}asbaixas

XUNTA
DE GALICIA

X21 22

FEST
GALICIA

inaem

AC/E
ACCIÓN CULTURAL
ESPAÑA

한국문화원
Centro Cultural Coreano

COLABORAN

K
MAGAZINE

GADIS

COSFERLA
INDUSTRIAL

Chef
Maestro

Herb
GALICIAN ARTISANAL GIN

PLATU^o
GALICIAN ARTISANAL GIN

Herb
GALICIAN ARTISANAL GIN